

**O Consello Escolar do .....  
adoptou na reunión celebrada o .....  
a seguinte resolución:**

**Esixir a retirada da proposta de incremento de horario lectivo realizada pola Consellaría de Educación e reclamar o mantemento e o cumprimento do Acordo de 8 de xuño de 2007, sobre a xornada de traballo do profesorado.**

Razóns que explican este rexeitamento e a esixencia do mantemento do Acordo:

- O Acordo de 8 de xuño de 2007 polo que se reducía o horario lectivo do profesorado do corpo de Mestres de 25 a 21 horas lectivas, previa que estas horas deberían ser destinadas ademais de á titoría cos pais e nais á realización das dinamizacións da biblioteca, recursos TIC, convivencia escolar, mellora da calidade educativa e dinamización de programas internacionais. O incremento do horario lectivo do profesorado vai inviabilizar a realización destas actividades o que irá en detrimento do ensino público, que non contará co abano de recursos que a actual xornada permite.
- A proposta da Consellaría busca en última instancia reducir o cadro de persoal dos centros, co que se dificultarán os apoios, cando as necesidades educativas os requiran, ou as substitucións en caso de ausencia do profesorado responsábel.
- Esta proposta vai facer que o transporte, que segue a condicionar os horarios dos centros, condicione agora tamén a chegada aos centros do alumnado e a xornada de traballo do profesorado.
- O Acordo de 8 de xuño foi subscrito pola Administración e a totalidade das organizacións sindicais integrantes da Mesa Sectorial naquel momento, por tanto contou co acordo unanidade das partes negociadoras que entenderon a necesidade de reducir o horario lectivo do profesorado do corpo de mestres para equiparalo con resto dos corpos docentes.

..... a ..... de ..... de 2011

SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN  
SR. DIRECTO XERAL DE EDUCACIÓN

Fax, nº: 981 54 65 50